

► A diversidade lingüística


O ser humano, ao longo da historia, foi quen de crear un sistema que lle permitiu comunicarse cos demais dentro de cada grupo. Isto non quere dicir que, ao principio, todos os seres humanos se comunicasen entre si mediante unha lingua orixinal da que posteriormente xurdirían as demais, senón que xa nas orixes se falaban distintas linguas, isto é, xa existía o plurilingüismo. Cada grupo ía desenvolvendo a súa lingua e, de aí, xurdirían as demais linguas, por mor do dialectalismo e da dispersión xeográfica dos pobos.

Ao longo de toda a historia coñecida, existiron e existen múltiples linguas que proceden doutras anteriores e que deron orixe a outras novas. Xa que logo, tendo en conta todo iso e que existen aproximadamente 200 estados independentes recoñecidos pola ONU e arredor de 6 000 linguas vivas catalogadas, a diversidade lingüística é un feito.

▷ As familias lingüísticas

Dentro desta diversidade, as linguas poden ser agrupadas en familias atendendo á súa orixe. Así, o conxunto das linguas emparentadas ou cunha orixe común constitúe unha **familia lingüística**.

Deseguido presentámosche un mapa das principais familias lingüísticas do mundo.



Principais familias lingüísticas

Indoeuropea	Níxer-Congo	Amerindia	Nilo-Sahariana
Urálica	Dravídica	Austroasiática	Khoisan
Altaica	Austronesia	Papúa	Caucásica
Afroasiática	Sino-tibetana	Australiana	Esquimó-aleutiana

Se observamos o mapa anterior, decatámonos de que as linguas indoeuropeas son faladas case pola metade da poboación mundial, seguidas de lonxe polas linguas da familia altaica e as da afroasiática.


No entanto, tamén hai linguas como o éuscaro (en Europa), o ainú (en Asia) ou o kootenai (en América) que non puideron ser relacionadas con ningunha familia lingüística e que parecen atoparse illadas.

▷ A familia indoeuropea

A familia lingüística indoeuropea é a meirande do mundo, pois abrangue case todas as linguas de Europa, América e unha parte importante de Asia. Inclúe os dous grandes idiomas do mundo clásico: o latín e o grego; as linguas xermánicas (inglés, alemán, sueco...); as linguas románicas (italiano, francés, galego...); as linguas celtas (o galés e o gálico); as linguas eslavas (o ruso, o polaco...), as linguas bálticas, as linguas índicas...

No continente europeo, todas as linguas pertencen a esta familia, excepto o éuscaro, o finés (Finlandia), o estonio (Estonia), o maxiar (Hungría), o turco (Turquía) e algunhas linguas de Rusia.

Esta familia procede do indoeuropeo, unha lingua falada por tribos que habitaban orixinariamente nas inmensas estepas que se estenden entre o norte do Cáucaso e o norte do Mar Caspio, arredor do quinto milenio antes de Cristo. O indoeuropeo, sen testemuños escritos, foi reconstruído a partir da comparación entre o sánscrito, o latín e o grego. Así, o orientalista inglés sir William Jones sinalou que ningún filólogo podía examinar estas tres linguas sen chegar á conclusión de que derivaban dun antepasado común. Tempo despois, a esta análise comparativa engadíranse outras linguas como o persa, as linguas xermánicas..., ata conformar a familia indoeuropea que coñecemos hoxe e que conta con preto de 3 000 millóns de falantes.



▷ As linguas románicas

O Imperio Romano, segundo se foi estendendo territorialmente, tamén levou consigo o seu idioma, o latín, lingua procedente do indoeuropeo, que evolucionou nos diferentes territorios romanizados e deu lugar ás distintas linguas románicas: o galego, o portugués, o asturiano, o castelán, o aragonés, o catalán e o aranés na Península Ibérica, o francés e o provenzal en Francia, o romanche ou retorromanche en Suíza, o italiano en Italia, o romanés en Romanía...

Investiga

Por grupos, indagade:

- En que lugares se falan as dez linguas que se citan.
- Cales son as dez linguas seguintes máis faladas, cal é o número aproximado de falantes de cada unha e os lugares onde se falan.

► A situación actual das linguas do mundo

Como xa dixemos, no mundo hai aproximadamente unhas 6 000 linguas catalogadas, pero cales son as que contan cun maior número de falantes? Velaquí dez das linguas máis faladas:

CHINÉS MANDARÍN	INGLÉS	HINDI	ESPAÑOL	RUSO
Uns 1 050 millóns de falantes	Uns 500 millóns de falantes	Uns 490 millóns de falantes	Uns 390 millóns de falantes	Uns 270 millóns de falantes
ÁRABE	PORTUGUÉS	XAPONÉS	ALEMÁN	FRANCÉS
Uns 240 millóns de falantes	Uns 200 millóns de falantes	Uns 120 millóns de falantes	Uns 100 millóns de falantes	Uns 80 millóns de falantes

Esta enorme diversidade lingüística tamén se corresponde cunha gran variedade de situacións nas que poden atoparse as diferentes linguas desde unha perspectiva xeográfica e política. Xa que logo, podemos atopar:

Linguas con estado e linguas sen estado

As linguas con estado son as oficiais e legais dun país (o francés, por exemplo, é a lingua oficial de Francia), mentres que as linguas sen estado son as propias dun territorio que non constitúe un estado (o galego, o éuscaro e o catalán en España, o bretón no noroeste de Francia...).

Linguas oficiais en máis dun estado

É o caso do portugués que é oficial en Angola, Brasil, Cabo Verde, Guínea-Bissau, Mozambique, Portugal...; o alemán, é o único idioma oficial en Alemaña, Austria e Liechtenstein e comparte o seu estado de oficialidade en Bélxica (co francés e o neerlandés), Luxemburgo (co francés e o luxemburgués), Suíza (co francés, o italiano e o retorromance), nalgúns rexións de Italia (co italiano).

Estados unilingües

Estados nos que se fala unha soa lingua. Dada a diversidade lingüística que vimos, estes estados son moi escasos, así, por exemplo, en Europa, Islandia, O Vaticano, San Marino e Liechtenstein son os únicos estados unilingües.

Estados plurilingües

Estados nos que se falan varias linguas. Tendo en conta que unhas 6 000 linguas se falan nos aproximadamente 200 estados que hai no mundo, esta é a situación máis frecuente. Por exemplo, en Rusia, fálase ruso e uns cen idiomas máis.



En Suíza fálanse catro linguas diferentes, cada unha nunha parte do territorio.

No entanto, o máis frecuente é que en cada estado haxa unha soa lingua oficial, malia que os países poden adoptar políticas lingüísticas diferentes:

- Hai países, como Francia e EE.UU., que teñen como única lingua oficial, respectivamente, o francés e o inglés.
- En Suíza, por exemplo, cada territorio ten un idioma oficial, de xeito que as catro linguas oficiais son o alemán, o francés, o italiano e o retorromance. Outro caso semellante é o de Bélxica.
- En países como España ou Rusia existe un só idioma oficial para todo o estado (español e ruso, respectivamente) e outras linguas cooficiais nas respectivas comunidades autónomas (Galicia, País Vasco, Cataluña, País Valenciano e Illas Baleares), en España, ou nas diferentes repúblicas rusas, en Rusia.

▷ As linguas de Europa

Segundo fontes da Unesco, no noso continente fálanse unhas 120 linguas diferentes. Este dato indícanos que Europa é un dos continentes de menor densidade lingüística, xa que conta só co 2 % do total das linguas de todo o mundo.

Como xa vimos, en Europa, a meirande parte das linguas pertence á familia indoeuropea, que inclúe, entre outros, grupos como o románico, o xermánico, o céltico ou o baltoeslavo. Con todo, tamén se falan outras linguas non-indoeuropeas como as pertencentes á familia altaica, á familia urálica ou o éuscaro, que non está asociado a ningunha familia.

Familia indoeuropea	
Grupo románico	
Grupo xermánico	
Grupo baltoeslavo	
Grupo céltico	
Grego	
Albanés	
Familia urálica	
Familia altaica	
Éuscaro	



Desde un punto de vista político e xeográfico, a situación das linguas en Europa resúmese como segue:

- Monolingüismo real: Islandia, O Vaticano, San Marino e Liechtenstein.
- Monolingüismo ficticio: Francia, Grecia.
- Tolerancia de minorías lingüísticas: Gran Bretaña (galés)...
- Autonomía lingüística: España (galego, éuscaro e catalán)...
- Estados constitucionalmente bilingües: Finlandia (finés e sueco)...
- Estados constitucionalmente plurilingües: Bélxica (flamengo, alemán e francés)...

Desde unha perspectiva de status de valoración das linguas dentro dos seus territorios, moitos dos idiomas representados no mapa son **linguas minorizadas**; é dicir, son linguas historicamente propias dos seus territorios, pero que están sometidas á hexemonía doutra lingua que as despraza e, xa que logo, están a perder falantes en favor da lingua dominante. É o caso do gaélico irlandés en Irlanda ou o galego en España. A algunhas mesmo se lles nega a consideración de linguas e son denominadas «dialectos», como por exemplo o aragonés en España ou o corso en Francia.

Mirade este vídeo do programa da TVG *Ben falado* e responde.

<http://links.edebe.com/5sq8k>

- De que trata?
- Por que Galicia pertence ao selecto club do 5 %?
- Onde se concentra o 25 % das linguas do mundo?

Fíxate



Unha lingua é **minoritaria** cando ten un número de falantes relativamente reducido en comparación con outras. Por exemplo, o islandés (uns 200 000 falantes) é minoritaria dentro do conxunto de linguas do mundo, xa que o chinés, o inglés, ou mesmo o galego, teñen moitos máis falantes. En cambio, o islandés non é unha **lingua minorizada**, pois goza de plena normalidade no seu territorio.

► Conflito lingüístico e diglosia

As causas da coexistencia de dúas linguas nun mesmo territorio adoitan ser de carácter histórico:

- Procesos de expansión e de unificación política.
- Presión cultural e económica.
- Movementos migratorios.

Nestas circunstancias de convivencia de dúas linguas en contacto nunha mesma sociedade orixínase un **conflito lingüístico**, pois ambas compiten por desempeñar todas as funcións posibles; así, a lingua allea a un territorio intenta ocupar as funcións tradicionais da lingua propia dese territorio. Isto é o que ocorre por exemplo entre o galego e o castelán en Galicia.

No caso galego, por volta da Idade Media, no momento en que Galicia pasou a formar parte primeiro do reino de León e, posteriormente, do de Castela, coa conseguinte perda de autonomía política, o castelán penetrou na nosa terra, primeiro como lingua de relación coa corte, segundo como lingua dos nobres foráneos vidos de Castela para substituír os nobres galegos tras as loitas sucesorias e, despois, como lingua das capas máis altas da sociedade, da burocracia e dos usos cultos, por exemplo a literatura. É neste momento cando se produce o conflito lingüístico entre o galego e o castelán e xorde o fenómeno da diglosia.

A **diglosia** consiste na desigual repartición entre os usos dunha mesma lingua ou entre linguas diferentes, de xeito que cada unha cumpre unhas funcións distintas na mesma sociedade e se emprega en usos e situacións diferentes. A diglosia en Galicia caracterízase polo uso dunha lingua ou outra tendo en conta:

OS ÁMBITOS SOCIAIS DE USO	<i>Utilízase o galego para as funcións de menor prestixio social (nos usos informais: relacións de amizade, familiares...), mentres se emprega o castelán para as de maior prestixio (traballo, contactos comerciais, medios de comunicación...).</i>
OS ESPAZOS XEOGRÁFICOS	<i>Úsase o galego no ámbito rural e nas aforas das cidades, mentres que nos centros das cidades se emprega o castelán.</i>
OS INTERLOCUTORES	<i>Segundo criterios como a maior ou menor familiaridade cos interlocutores, o nivel social medio ou alto, o status social... úsase o galego ou o castelán.</i>

Esta situación de conflito lingüístico só ten dúas posibles saídas: o *uniformismo lingüístico* ou o *ecoloxismo lingüístico*.

- O **uniformismo lingüístico** consiste na utilización dun só idioma para todas as funcións, pois considera a diversidade lingüística un obstáculo para o progreso da sociedade.
- O **ecoloxismo lingüístico** baséase en que cada comunidade lingüística manteña, conserve e promova a súa propia lingua, tendo unha segunda lingua só para relacións con outras sociedades lingüisticamente diferentes. Partindo da semellanza entre as linguas en perigo de extinción e as especies biolóxicas ameazadas creouse a ecolingüística, unha nova forma de facer lingüística que se ocupa de ver as linguas como fornecedoras dun determinado coñecemento do mundo.

Fíxate

A diglosia pode ser de dous tipos:

Endodiglosia: cando se dá entre variantes dunha mesma lingua. É o que ocorre, por exemplo, entre o árabe clásico (lingua oficial) e o árabe magrebí (usos informais) en Marrocos.

Exodiglosia: se se produce entre dúas linguas distintas, por exemplo, galego e castelán.

► A diversidade lingüística da Península Ibérica

A Península Ibérica está conformada por tres estados (España, Portugal e Andorra), nos que se falan oito linguas: galego, portugués, asturiano, castelán, éuscaro, aragonés, catalán e aranés.

Galego

É a lingua propia de Galicia e conta cuns 2 millóns e medio de falantes. Os seus límites xeográficos van máis alá do territorio administrativo de Galicia, xa que tamén se fala nas zonas máis occidentais de Asturias, León e Zamora, e no Val das Ellas (norte de Extremadura).

Malia os logros acadados nos últimos anos no seu proceso de normalización, o uso do galego está a descender entre as xeracións máis novas, tal como reflicten os resultados da última enquisa do Instituto Galego de Estatística sobre o coñecemento e o uso da lingua galega, que nos indican que só unha cuarta parte dos menores de 14 anos teñen o galego como lingua vehicular predominante e, o que aínda é máis preocupante, o 47 % só usa o castelán.

Aragonés

Procede do antigo navarro-aragonés e conserva menos de 10 000 falantes nalgúns vales da provincia de Huesca. Aínda que o Estatuto de Autonomía de 1982 propugna a protección do aragonés, este non é considerado lingua oficial. Así, está a sufrir un proceso de abandono e vese relegado ao ámbito das relacións familiares e entre veciños.

Catalán

Fálano máis de 8 millóns de persoas en Cataluña, na franxa oriental de Aragón, en Andorra, nas Illas Baleares, na Comunidade Valenciana, no Rosellón francés e na cidade de Alguer (na Sardenia). É, xunto co castelán, idioma oficial de Cataluña, as Illas Baleares e a Comunidade Valenciana (nesta última, co nome de valenciano). Hoxe, coma o galego e o éuscaro, está en proceso de normalización, impulsado activamente pola Generalitat de Catalunya e coa axuda do gran prestixio cultural e social que esta lingua conservou.

Aranés

É unha variedade do gascón (unha das catro modalidades do occitano) falada por unhas 4 000 persoas no Val de Arán (Lleida). Esta lingua está recoñecida de xeito oficial polo Estatuto de Autonomía de Cataluña, ao lado do castelán e do catalán; está sendo impartido nas aulas: conta con gramáticas, dicionarios e unhas normas ortográficas de 1982.

Portugués

É a lingua irmá do galego, xa que ata o século xv ambas constituían un mesmo complexo lingüístico: o galego-portugués.

Por mor da expansión colonial portuguesa iniciada no século xv, hoxe en día, esta lingua fálana uns 200 millóns de persoas nos cinco continentes (Portugal, Brasil, Angola, Goa, Timor...).

Asturiano

Procede do antigo astur-leonés e fálano unhas 100 000 persoas en Asturias, en Castela e León e en Miranda do Douro (Portugal), onde recibe o nome de mirandés.

O mirandés (cuns 15 000 falantes) foi recoñecido como lingua oficial en Portugal no ano 1999, mentres que o asturiano non goza deste recoñecemento en España, pois o propio Parlamento Asturiano rexeita declaralo idioma cooficial, malia que o Estatuto de Autonomía de Asturias indica que gozará de protección.

Castelán

É a lingua oficial do Estado español; fálase en diversos países de América e nos territorios africanos de colonización española. Conta aproximadamente con 390 millóns de falantes.

Nalgúns países comparte a condición de lingua oficial con outras: en Perú é oficial xunto co quechua e co aimara; en Paraguai, co guaraní... No entanto, en Estados Unidos, a súa situación está próxima á das linguas minorizadas.

Éuscaro

Como xa indicamos, é a única lingua non-románica da Península. Conta cuns 600 000 falantes en áreas do Estado español (centro e leste de Biscaia, zona norte de Álava, Guipúscoa e norte de Navarra) e no suroeste francés.

O Goberno vasco e a Academia da Lingua Vasca encárganse de potenciar o seu uso normalizado.



As linguas da península.

Se queredes coñecer mellor o galego exterior (aquel que se fala fóra das nosas fronteiras administrativas) podedes acceder a esta páxina web

<http://links.edebe.com/4qkt>

► A lusofonía

A lingua portuguesa é a máis próxima á nosa desde o punto de vista lingüístico, debido á súa orixe común no latín vulgar que trouxeron os romanos ao occidente da Península Ibérica. Ata o século XIV constituíron unha única lingua (o galego-portugués) cuxa proxección cultural e política a elevaron ata os máis altos cumios da creación literaria da man de monarcas como Afonso X o Sabio ou o rei portugués Don Denis.

Con todo, as constantes guerras independentistas vividas nos séculos XIII e XIV, comezaron a determinar diferenzas entre a lingua falada nas dúas beiras do río Miño: no sur, a lingua convertíase no idioma oficial do reino de Portugal, mentres que, no norte, a influencia do castelán comezaba a deixar pegadas definitivas.

O século XV constituíu o florecemento económico e político do reino de Portugal e, asemade, da súa variedade lingüística, que os navegantes portugueses levaron nas súas travesías ata os continentes descoñecidos.

Hoxe en día, o portugués é a lingua materna de preto de 200 millóns de persoas espalladas polo mundo enteiro:

EUROPA	<i>Portugal</i>
ÁFRICA	<i>Angola, Mozambique, Cabo Verde, Guinea-Bissau, Guinea Ecuatorial, San Tomé e Príncipe</i>
AMÉRICA	<i>Brasil</i>
ASIA	<i>Timor, Macau e poboacións da India como Goa.</i>



A lingua portuguesa no mundo

As diferenzas entre o portugués falado nestes países son semellantes ás que se poden dar dentro do galego entre os diferentes bloques. Deste xeito, recoñécense cinco variantes xeográficas do portugués:

- Portugués europeo.
- Portugués brasileiro.
- Portugués angoleño.
- Portugués de Macau.
- Portugués oliventino, da vila estremeña de Talega, na provincia de Badaxoz.

Nalgúns deses países, o portugués comparte a oficialidade con outra lingua: por exemplo, en Macau, co chinés; en Timor, co tetún; en Guinea Ecuatorial, co francés e co español...

Por outro lado, as colonizacións protagonizadas polo reino de Portugal durante os séculos xv e xvi puxeron en contacto o portugués coas linguas autóctonas dos pobos sometidos. Desta convivencia naceron unha serie de linguas crioulas que aínda hoxe en día sobreviven.

Entendemos por **crioula** a que agroma nunha comunidade de xente que non comparte lingua, pero que ten a necesidade de se comunicar, polo que se ve forzada a empregar un idioma que mestura trazos de todas elas.

Así, con orixe no portugués, existen tres grandes grupos de crioulos:

- **Afro-portugueses:** falados no golfo de Guinea.
- **Luso-asiáticos:** na India, Malaisia e Indonesia.
- **Luso-americanos:** en Surinam e nas Antillas.

► Características do portugués

Velaquí algúns dos trazos que máis diferencian o estándar portugués (*padrão*) da nosa lingua.

FONÉTICA

Existencia de vogais nasais: *irmão* (galego: *irmán*).

MORFOLOXÍA

Terminación *-ão, -ões*: *lição, lições* (galego: *lección, leccións*).

ORTOGRAFÍA

Dígrafos *lh* e *nh* para representar as palatais laterais e nasais: *olho, vinho* (galego: *ollo, viño*).

LÉXICO

Vocabulario diferente: *comboio, calças, presunto...* (galego: *tren, pantalóns, xamón*).

E, malia que existen diferenzas evidentes, estas non impiden que a comunicación flúa de xeito natural entre falantes das distintas comunidades galega e portuguesa.

► O galego e o portugués: dúas linguas irmás

Calquera galegofalante, só polo feito de selo, pode entender e facerse entender nun diálogo cunha persoa de lingua portuguesa. Os camiños diverxentes que levaron galego e portugués, a partir da Idade Media, non impiden que recoñezamos hoxe unha estreita afinidade entre ambas as linguas. Xa que logo, coa nosa lingua temos a posibilidade de comunicarnos cuns 200 millóns de falantes da área lingüística galego-portuguesa.

Amplía

Coa axuda do voso profesor ou profesora, organizade unha audición de música en portugués.

Podedes, por exemplo, escoitar a música de intérpretes como Dulce Pontes ou José Afonso (Portugal), Carlinhos Brown ou Caetano Veloso (Brasil), Cesária Évora (Cabo Verde), Nelly Furtado (Canadá)...

Procurade acompañar a audición das cancións cos textos de cada unha.



En Talega, Badaxoz, fálase o portugués.



1. A diversidade lingüística

1. Le devagar este texto.

“A diversidade lingüística explícase sobre todo pola existencia de grupos humanos pequenos: estes eran a maioría milenios atrás, hoxe son relativamente poucos e cada vez menos. O certo é que se temos dez mil persoas que falan unha lingua e que se atopan en interacción constante, é probable que falen case igual, tanto máis canto máis frecuente e profunda sexa a interacción. Pero se eses dez mil están repartidos en grupiños de cen persoas que, amais, están basicamente illados a meirande parte do tempo, é bastante posible que acabemos con cen linguas distintas. En realidade algo menos, porque sempre haberá algúns grupos que teñan maior contacto entre eles, e dun modo suficientemente estable como para evitar que as súas falas se separen demasiado.”

Enrique Bernárdez Sanchís, *La muerte de lenguas, una tragedia evitable* (tradución)

— Proponlle un título que lle acaia.

2. Responde estas cuestións sobre o texto anterior.

- Segundo o autor do texto, por que antes había moitas máis linguas e agora hai menos?
- Cal é o factor decisivo á hora de que unha lingua se fragmente noutras?
- Que pode evitar que as linguas se fragmenten noutras?

3. Reflexiona sobre o texto anterior:

- Estás de acordo coas ideas defendidas polo autor do texto? Por que?
- Cres que a división dunha lingua noutras se debe só aos factores que comenta o autor do texto ou tamén hai outros factores determinantes? Cales serían?

4. En parellas, investigade a orixe destas linguas e clasificadeas segundo a familia lingüística á que pertencen.

támil - maasai - checheno - turco - ruso - zulú - hebreo
maorí - vietnamita - húngaro - quechua - tibetano

5. Investiga e clasifica estas linguas segundo o grupo indoeuropeo ao que pertencen.

checo - albanés - holandés - kurdo
grego - retorromance

- Engade outra lingua máis pertencente aos mesmos grupos indoeuropeos.

6. Indaga información sobre o dálmata.

- A que familia lingüística pertencía? A que grupo?

- En que zona se falaba? Sitúao nun mapa do mundo.
- Cales eran os seus dous dialectos? En que zonas se falaba cada un deles?
- Cando desapareceu? Cales foron as razóns da súa extinción?
- Quen foi o último falante de dálmata?

7. Le esta nova paseniño e resúmea en poucas palabras.

GOOGLE QUERE SALVAR TRES LINGUAS EN PERIGO DE DESAPARICIÓN EN ESPAÑA

“Hai gobernos que non se preocupan porque desaparezan algunha das linguas que falan as persoas que viven no seu territorio. Ou que se preocupan menos que Google, cando menos, que colabora no Proxecto Idiomas en Perigo co obxectivo de colaborar na supervivencia de algo máis de tres mil idiomas que no mundo se atopan en risco de extinción, máis ou menos a metade das linguas faladas no planeta. O proxecto está realizado polo First Peoples’ Cultural Council (FPCC) e polo Institute for Language Information and Technology, da Universidade de Michigan.

O proxecto clasifica as linguas, valora o nivel de risco de desaparición, en función do número de falantes restantes e outros criterios. Así, sinala os perigos que corren os 120 mil falantes de navajo («en situación de risco»), os 15 mil de mirandés («en perigo de extinción») ou os 6 mil do córnico («en grave perigo de extinción»). [...]

O proxecto quere ser unha ferramenta colaborativa para difundir información e coñecemento sobre cada lingua, e aproveitando as capacidades multimedia, vídeos e audios dos falantes vivos de cada idioma, funcionando así como arquivo. A páxina está, así, aberta a que calquera persoa a vaia construíndo con novos contidos e informacións. Así mesmo, segundo os seus promotores, quérese ofrecer consellos e suxestións ás persoas que traballan na documentación e protección dos idiomas ameazados. [...]

A páxina sinala que no Estado español hai tres linguas ameazadas: o aragonés, o asturiano e a linguaxe de signos catalá, e outras dúas en Portugal, o mirandés e a lingua de signos portuguesa.

Por exemplo, sinala que o aragonés, «en grave perigo de extinción», ten menos de 10 mil falantes, e ofrece información sobre a lingua e varios vídeos gravados no Pireneo aragonés. Ou o asturiano, «susceptible de extinción», con ao redor de 100 mil falantes e unha documentación visual e sonora que inclúe vídeos de manifestacións pola lingua ou presentacións de software libre en asturiano, mostra dunha maior vitalidade. Ou o mirandés, en Portugal, na mesma situación que o asturiano e con 15 mil falantes.”

<http://praza.gal/ciencia-e-tecnoloxia/1322/google-quere-salvar-tres-linguas-en-perigo-de-desaparicion-en-espana/>

8. Responde estas cuestións sobre a noticia anterior.

- En que consiste o Proxecto Idioma en Perigo? Quen o promove? Cales son os obxectivos do proxecto? Como colabora Google?
- Cales son os idiomas en perigo de extinción na Península Ibérica? Como clasifican cada un deles?

9. Abride un coloquio sobre como se pode axudar as linguas en perigo de extinción e sobre se o ecolingüismo é unha alternativa viable.

10. Entre todos vede o documental *Língua: Vidas em português* no seguinte enlace:

<https://www.youtube.com/watch?v=FEvWKUyJOU>

- Comentade entre todos de que trata, como viven estas persoas en portugués, que concepto teñen da súa lingua en cada país, que vos achegou o documental ao que xa vistes na unidade sobre a lusofonía...

11. Indaga como se din en portugués estas palabras.

chuvia - polo - pavo - pexego - cor - cousa - corpo
aire - nome - saia - ombro - brazo

12. Le a lenda do Galo de Barcelos.

“Os habitantes de Barcelos andavam alarmados com um crime, do qual ainda não se tinha descoberto o criminoso que o cometera. Certo dia, apareceu um galego que se tornou suspeito. As autoridades resolveram prendê-lo, apesar dos seus juramentos de inocência, que estava apenas de passagem em peregrinação a Santiago de Compostela, em cumprimento duma promessa.

Condenado à forca, o homem pediu que o levassem à presença do juiz que o condenara. Concedida a autorização, levaram-no à residência do magistrado, que nesse momento se banqueteara com alguns amigos. O galego voltou a afirmar a sua inocência e, perante a incredulidade dos presentes, apontou para um galo assado que estava sobre a mesa e exclamou:

—É tão certo eu estar inocente, como certo é esse galo cantar quando me enforcarem.

O juiz empurrou o prato para o lado e ignorou o apelo, mas quando o peregrino estava a ser enforcado, o galo assado ergueu-se na mesa e cantou. Compreendendo o seu erro, o juiz correu para a forca e descobriu que o galego se salvara graças a um nó mal feito. O homem foi imediatamente solto e mandado em paz.”

- Por parellas, exemplifícade algúns trazos característicos diferentes entre o galego e o portugués.

Trazos fonéticos:

Trazos morfolóxicos:

Trazos léxicos:

Trazos ortográficos:

- Deseguido, traducídeo ao galego.

13. Entre o galego e o portugués hai «falsos amigos», palabras coa mesma forma pero distinto significado. Cal é o significado destes «falsos amigos»?

apurar - aula - espantoso - preto - barata - bodega - coche

14. Por parellas, mirade este vídeo sobre diferenzas entre o galego e o portugués brasileiro.

<https://www.youtube.com/watch?v=d8tXPD11PY>

- Que confusións se producen entre os dous personaxes polos «falsos amigos»?

EN GALEGO...

EN PORTUGUÉS BRASILEIRO...

O nome das comidas...

O nome das comidas...

- Que diferenzas hai entre as dúas linguas?

Diferenzas fonéticas:

Diferenzas morfolóxicas:

Diferenzas léxicas:

Diferenzas ortográficas:

- Razoade: os «falsos amigos» e as diferenzas entre as dúas linguas impiden a intercomunicación e a comprensión entre os dous falantes?

15. Le este texto e responde as cuestións seguintes:

Cantos na Maré deixa Pontevedra tras quince anos e recolócase en Santiago con novo formato

“Despois de quince anos de traxectoria na cidade de Pontevedra, o festival Cantos na Maré marcha para Santiago de Compostela. Será cun novo formato e, segundo avanzaron os seus organizadores, terá lugar entre os días 24 e 26 de setembro no Hotel NH Collection.

Renomeado como Maré-Músicas e Artes Atlánticas, este novo formato engadirá foros profesionais e de emprendemento cultural, citas audiovisuais e gastronomía aos concertos de artistas vinculados cos territorios de fala galego-portuguesa, o sinal de identidade do evento.

O festival articularase nas seccións MaréLab, un espazo de investigación para apoiar o crecemento da economía creativa; MaréNet, para situar Santiago como referencia do negocio das industrias culturais; ou CineMaré, cunha carteleira audiovisual procedente das culturas atlánticas. [...]

Ademais, intégranse este ano no festival, organizado pola compañía Nordesía, a entrega dos premios da música e da poesía galego-portuguesa aRi[t]mar.”

pontevedraviva.com (tradución)

- Indaga que era *Cantos na Maré*; cales eran os seus obxectivos, onde se celebraba e cantas edicións houbo.
- Entra na web de *Maré, músicas e artes atlánticas* e comenta que información podes atopar, cal é máis interesante, que opinas do proxecto...



A morte das linguas

A identidade e a historia combínanse para garantir que cada lingua reflicta unha única expresión e interpretación da existencia humana, e esta é unha razón máis para preocuparnos pola morte das linguas que se basea máis na propia conveniencia que no altruísmo, aínda que non por iso é menos valiosa. Debería importarnos, porque podemos aprender moito dela.

A opinión de que outras linguas, ademais da propia, nos fornecen un medio para o noso propio crecemento persoal como seres humanos é un tema recorrente na literatura, con varios niveis de profundidade intelectual. Hai varios proverbios populares que captaron esta intuición persoal. Un procedente de Eslovaquia: «Con cada lingua nova que se aprende adquirese unha nova alma»; outro de Francia: «O home que coñece dúas linguas vale por dous homes». Emerson tamén aborda este tema:

Un home será tantas veces home como linguas posúa, e igual de numerosos serán os seus amigos, as súas artes e os seus xeitos de comerciar.

A mensaxe é que hai claramente moito que aprender e gozar ao experimentarmos outras linguas, e o corolario é que perdemos esa experiencia se non nos beneficiamos da oportunidade de coñecer polo menos outra lingua. Todo aquel que viaxou coñece esta limitación, polo menos en certa medida. Velaquí de novo Emerson: «Ningún home debería viaxar ata aprender antes a lingua do país que visita, pois doutra forma converterase voluntariamente nun gran neno acabado de nacer, tan desvalido e tan ridículo coma el». Ten fundamento a idea de que unha persoa monolingüe, cun temperamento monolingüe, se atopa desvalido ou privado de algo.

As persoas monolingües necesitan tempo para coñecer esta cuestión. E polo tanto, antes de retomar a nosa argumentación, paga a pena facer unha digresión para recalcar que hai suficientes motivos para pensar que a condición natural do ser humano é ser multilingüe. O cerebro humano ten a capacidade natural de aprender varias linguas, e a maioría dos seres humanos viven en lugares onde os cerebros se utilizan deste xeito, con naturalidade e eficacia. Sábese que a metade da especie humana é, polo menos, bilingüe, e existen polo menos a metade máis de bilingües naquelas partes do mundo onde non se fixeron estudos, aínda que se sabe que alí os contactos interculturais son frecuentes.

DAVID CRYSTAL, *A morte das linguas*, ed. Galaxia

1 Indica razoadamente cal é o tema do texto anterior.

2 Determina cales son as ideas principais e secundarias.

— Deseguido, elabora un esquema que as reflicta.

3 Xustifica estas afirmacións do texto a partir do que viches na unidade.

1. A condición natural do ser humano é ser multilingüe.
2. A maioría dos seres humanos viven en lugares onde os cerebros se utilizan deste xeito.
3. A metade da especie humana é, polo menos, bilingüe.
4. Existen polo menos a metade máis de bilingües naquelas partes do mundo onde non se fixeron estudos.

4 Reflexiona sobre estas cuestións e responde:

- Por que cada lingua reflicte unha única expresión e interpretación da existencia humana?
- Por que a morte das linguas se basea máis na propia conveniencia que no altruísmo?

• En que sentido a aprendizaxe dunha nova lingua nos fornece un medio para o noso propio crecemento persoal?

• Que significa o proverbio eslovaco «Con cada lingua nova que se aprende adquirese unha nova alma»?

• E o francés «O home que coñece dúas linguas vale por dous homes»?

• E as palabras de Emerson «Un home será tantas veces home como linguas posúa, e igual de numerosos serán os seus amigos, as súas artes e os seus xeitos de comerciar»?

• Que teñen en común as tres citas? En que se diferencian?

• Cal é a túa opinión persoal sobre os dous proverbios e as palabras de Emerson?

5 Elaborar un texto argumentativo que defenda que a condición natural do ser humano é a de ser multilingüe. Emprega os coñecementos que adquiriches ao longo da unidade.



Preparación para ABAU

Nos cenáculos literarios fantasiamos a miúdo co ano que nos dediquen o Día das Letras Galegas. Entre unhas copas, poñemos a nosa creatividade literaria ao servizo de tramas en que matamos alegremente aquel autor ou aquela escritora, só para imaxinar as perversións que diríamos en conferencias varias. Outras veces, simplemente botamos un cálculo rápido ao montante en dereitos de autoría que cobrarían uns herdeiros que tampouco é que apreciasen no seu momento o oficio literario do seu pai. Logo está ese momento divertido en que me matan a min, e acudo impasíbel á conciencia de quen me rodea de ter que construír un relato medio certo e medio falso que me faga digna de merecer a gloria dunha cultura que tan necesitada segue de motivos para sentirse máis viva cá súa literatura falecida.

Nos cenáculos a miúdo pensamos, tamén, no superávit celebratorio desta cultura funeraria e xerontocrática así que pasen cincuenta ou cen anos e non viva xa a lingua na que escribimos unha chea de autoras mortas que agardamos na

ringreira ordenada para o Día das Letras Galegas. Quen nos lerá daquela? Para quen pontificarán os nosos estudosos? Quen traducirá para os estudantes a nosa obra practicamente incomprensíbel produto dun tempo pasado de moda? Como explicarán ás nosas herdeiras que, perdidas en aparencias baleiras, non soubemos ver que se esfarelaba nas nosas mans o futuro da mesma lingua que sustenta esta literatura?

Prefiro que nos celebremos mentres aínda esteamos vivas. Prefiro os esforzos para que iso das mil primaveras non acabe sendo unha frase que alguén teña que traducir usando o dicionario de galego como lingua morta editado por editoriais estranxeiras que viñeron rapinar as migallas dun fasto rendíbel un mes ao ano.

INMA LÓPEZ SILVA,

La Voz de Galicia, 17/5/2021

1 Cal é o tema do texto anterior? Invéntalle un título que lle acaia.

2 Establece as partes do texto, o contido de cada unha e o que abrangue.

3 Define coas túas palabras estas palabras e expresións do texto.

montante - superávit celebratorio - cultura
xerontocrática - pontificar - esfarelar
rapinar - fasto

4 Elabora un texto onde ofrezas a túa opinión sobre esta afirmación da autora: «unha cultura que tan necesitada segue de motivos para sentirse máis viva cá súa literatura falecida». Extensión: 200-250 palabras.

5 Responde estas cuestións:

- De que lingua se está a falar no texto? Que se celebra o día en que se publicou este artigo?
- Como ve a autora o futuro da lingua? Xustifica a resposta con palabras do texto. A que cres que se debe esa visión?

6 Define estes conceptos.

conflicto lingüístico - uniformismo lingüístico
ecoloxismo lingüístico

- Tendo en conta que, no presente, en Galicia, vivimos unha situación de conflito lingüístico, cal é a saída que prognostica a autora?

7 Le este texto de Cunqueiro e contrasta o seu contido co último parágrafo do texto de Inma López Silva.

Mil primaveras máis

Louvado sexa Deus porque me permitiu nacer, medrar, facerme home e agora envellecen neste grande reino que chamamos Galicia; neste grande reino do Fisterre que vai dende os montes ata o mar, onde brillan os pés do vento; a este país dos dez mil ríos, do vello camiño das peregrinacións, a este país dos mil vales, a este país fermoso e eternamente verde. Patria querida, a terra do senso bardesiano; as patrias son a terra e os mortos. Grazas a Deus por este reino. Louvado sexa Deus tamén por terme dado o don da nosa fala. Por me ensinar a dicir rula e abidueira, e dorna e ponte e fonte. E entón, eu sabendo estas palabras era verdadeiramente dono da rula, e da abidueira e da dorna e da ponte e da fonte. As miñas invencións e as miñas maxias teñen nembargante un senso máis fondo, por riba e por baixo do que eu fago, eu quixen e quero que a fala galega durase e continuase, porque a duración da fala é a única posibilidade de que nós duremos como pobo. Eu quixen que Galicia continuase, e ao lado da patria terreal, da patria que son a terra e os mortos, hai esta outra patria que é a fala nosa. Se de min algún día, despois de morto, se quixera facer un eloxio, e eu estivera dando herba á Terra Nosa, podería dicir na miña lápida: «Aquí xace alguén que coa súa obra fixo que Galicia durase mil primaveras máis».

Discurso de investidura como *Doutor Honoris Causa* pola
Universidade de Santiago

- Que visión do futuro da lingua amosa Álvaro Cunqueiro? Coincide coa de Inma López Silva? En que se parecen e en que difiren? Que desexo común expresan os dous autores?